



Wenceslao Fernández Flórez, s/n
Tels. 981 613 196
981 613 128
Fax 981 613 169
E-mail: adl@cambre.org
15660 CAMBRE
A Coruña (España)



PLAN RENOVE DE EQUIPOS DE ILUMINACIÓN INTERIOR INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA – INEGA BENEFICIARIOS/AS DIRECTOS/AS

◆ Normativa

Resolución do 15 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativa ao Plan Renove de Equipos de Iluminación Interior, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan as devanditas axudas como anticipadas de gasto (DOG nº 246 de 27 de decembro de 2011).

◆ Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarios directos as persoas físicas e xurídicas de dereito público ou privado, propietarios ou titulares de calquera dereito sobre inmobles do sector residencial e terciario, comunidades ou mancomunidades de veciños, sempre que a actuación subvencionable se realice en vivendas ou edificios sitos en Galicia. No caso de persoas xurídicas de dereito público ou privado, deberán ter o domicilio social ou alguén centro de traballo en Galicia..

◆ Datas límite

- Para as adquisición dos equipamentos:

- 30 de outubro de 2012 ou esgotamento do crédito orzamentario.

◆ Tipos de axudas

- O obxectivo deste plan é mellorar a eficiencia enerxética das edificacións, a través da renovación de instalacións existentes de equipos de iluminación interior por outras máis eficientes, reducindo así o consumo de enerxía.
- As actuacións subvencionables deben cumprir cos seguintes requisitos técnicos:
 - Levar asociada unha redución anual de ao menos un 30% do consumo de enerxía convencional en iluminación interior, garantindo un confort lumínico adecuado á tarefa que se vaia realizar.
 - Se a instalación está incluída no ámbito de aplicación do documento HE-3, Eficiencia enerxética das instalacións de iluminación, do Código técnico da edificación, a nova instalación debe cumprir coas exixencias establecidas nel.
 - Serán subvencionables sempre que cumpran os requisitos técnicos establecidos na orde a substitución de lámpadas, de balastos convencionais, de luminarias xa existentes, de detectores de presenza, etc.
- O investimento mínimo para que a actuación sexa elixible deberá ser de 500 euros. Os conceptos de albanería non son subvencionables.
- A contía da subvención será o 25% do custo elixible da nova instalación de iluminación, cun máximo de 1.500 euros para vivenda unifamiliar / piso, 10.000 euros por edificio de vivendas en



Wenceslao Fernández Flórez, s/n
Tels. 981 613 196
981 613 128
Fax 981 613 169
E-mail: adl@cambre.org
15660 CAMBRE
A Coruña (España)



bloque e 25.000 euros por edificio do sector terciario, destinado a outros usos diferentes de vivenda.

◆ **Formularios**

Os formularios de solicitude están dispoñibles no enderezo electrónico <http://www.inega.es>. Cómpre cubrilos e validados antes de presentar as solicitudes por escrito.